

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 09 DE MAIO DO 2024.**

ASISTENTES:

Presidente: MARIÑO DE BRICIO VICENTE Membros que asisten: SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Nove de Maio do Dous mil vinte e catro, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 02/05/2024

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202405/021

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 03/05/2024. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN, ABASTECIMENTO E PLUVIAIS EN RÚA DA CAPELA (CARREIRA)""



3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202405/022

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 03/05/2024. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN DA RÚA DOS CURROS (CASTIÑEIRAS)””

4.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202405/023

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 03/05/2024. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DA REDE DE AUGA POTABLE NA RÚA DO BARREIRO (PALMEIRA)””

5.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202405/024

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 03/05/2024. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DA PRAZA ESTUDIANTES (RIBEIRA)””

6.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202405/026

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 03/05/2024. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “SANEAMENTO NO LUGAR DE ESPÍÑEIRIDO””

7.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202405/027

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 03/05/2024. DECRETO: “CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “SANEAMENTO CON BOMBEO E ABASTECIMIENTO NO LUGAR DE LIXÓ””

8.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Akram Muhammad (1)

Visto o escrito presentado por **Akram Muhammad**, de data 08/05/2024 (Rexistro de entrada nº 11.573), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Kebab - 4 m x 2 m), os días 10 e 11/05/2024, en Artes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- a) **Autorizar** a **Akram Muhammad** para a instalación dun posto de venda ambulante (Kebab - 4 m x 2 m), os días 10 e 11/05/2024, en Artes.
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a **ubicación exacta** do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Akram Muhammad (2)

Visto o escrito presentado por **Akram Muhammad**, de data 08/05/2024 (Registro de entrada nº 11.569), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Kebab - 4 m x 2 m), os días 10, 11 e 17/05/2024, en Oleiros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar** a **Akram Muhammad** para a instalación dun posto de venda ambulante (Kebab - 4 m x 2 m), os días 10, 11 e 17/05/2024, en Oleiros.
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a **ubicación exacta** do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Akram Muhammad (3)

Visto o escrito presentado por **Akram Muhammad**, de data 08/05/2024 (Registro de entrada nº 11.567), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Kebab - 4 m x 2 m), o día 25/05/2024, en Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar** a **Akram Muhammad** para a instalación dun posto de venda ambulante (Kebab - 4 m x 2 m), o día 25/05/2024, en Palmeira.
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a **ubicación exacta** do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



11.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Akram Muhammad (4)

Visto o escrito presentado por **Akram Muhammad**, de data 08/05/2024 (Rexistro de entrada nº 11.566), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Kebab - 4 m x 2 m), os días 12 ao 26/07/2024, na Praza de Teruel (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Akram Muhammad** para a instalación dun posto de venda ambulante (Kebab - 4 m x 2 m), os días 12 ao 26/07/2024, na Praza de Teruel (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a **ubicación exacta** do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

10.149 24.04.2024 BERNARDINO MUÑIZ MARTÍNEZ, Substitución de solos de madeira por plaqueta cerámica, substitución división de barrotillo por tabiques de ladrillo e colocación accesorios aseos, na rúa Rúa Vella, 6, Aguiño, Ribeira.

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8.845 11.04.2024 ANTONIO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, para construción de piscina na Rúa Sagres Nº19, Aguiño, Ribeira.

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

5.564 5.03.2024 Mª CARMEN CALLÓN GARCÍA, para reforma de cocina en vivenda sita na Rúa Cardenal Cisneros Nº2, 3ºD, Ribeira Ribeira.



15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

7.770 4.04.2024 COMUNIDADE De PROPIETARIOS PTL-4 URB. O RUEIRO 1, para colocación de porta corredeira automática en portal na Praza DE España 4, Ribeira.

16.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA - Rosa María Pérez Rey

Visto o escrito presentado por **Rosa María Pérez Rey**, de data 26/04/2024 (Rexistro de entrada nº 10.414), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 15074A026004560000KK e sita no Rúa das Concheiras, Aguiño, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 02/05/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 15074A026004560000KK e sita no Rúa das Concheiras, Aguiño, Ribeira.

17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

4.324 21.02.2024 JUAN RIVADEMAR ALFONSO, presenta comunicación previa de primeira ocupación de vivienda unifamiliar sita no lugar de Areeiros s/n, Castiñeiras, Ribeira.

- Deberá proceder ao pago da autoliquidación definitiva de tributos nas oficinas dos Servizos Económicos Municipais
-



18.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a RITA TARELA GARCÍA, POLOS DANOS SUFRIDOS EN INMOBLE DA SÚA PROPIEDAD COMO CONSECUENCIA DO INCENDIO DUN COLECTOR DO LIXO. EXPEDIENTE 2023 RESP000033.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a RITA TARELA GARCÍA**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 03 de decembro de 2022, produciuse un incendio nuns colectores do lixo situados na Rúa Barreira, á altura dos inmobles cos números 23 e 24 da citada Rúa. Como consecuencia do citado incendio viuse afectada a vivenda do segundo andar do inmoble número 24, propiedade de D^a Rita Tarela García.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 07/08/2023 co número 202300018406, a Sra. Tarela García promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do incendio, que cuantifica na contía de 453,75 euros, segundo presuposto de reparación de danos emitido por “Comercial y Aluminio Mallo Area S.L.” na data 23/02/2024 co número 13, e que achega mediante escrito rexistrado de entrada na data 26/02/2024, tralo requirimento de emenda da súa solicitude de reclamación.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: Parte de servizo número 5751 realizado pola Policía Local e o informe emitido pola Policía Local como consecuencia da instrución do expediente.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte dos/as interesados/as.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os



particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico, ostentando lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento ó ser o titular do inmovible que resultou danado, segundo acredita coa presentación da escritura de manifestación e adxudicación de herdanza, autorizada polo Notario que foi de Ribeira, D. Jaime Romero Costas, na data 03/04/2000, co número 742 de protocolo.



A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do servizo de recollida do lixo. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de recollida do lixo é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a realidade dos danos no inmovible referido**, circunstancia que se desprende exclusivamente do presuposto de reparación de danos que achega a reclamante, pero non da información recollida no informe da Policía Local, que soamente menciona danos no primeiro piso do inmovible nº 23, e no primeiro piso do inmovible nº 24, e o piso da Sra. Tarela García está situado no 2º andar do inmovible nº 24.

Concretada que foi a produción dos danos, **é preciso analiza-las circunstancias nas que estes se produciron para, así, poder determinar a existencia ou non dun nexo de causalidade que vincule o funcionamento do servizo público do que o concello é titular, cos prexuízos padecidos no inmovible danado.**

A este respecto, da instrución do expediente resulta o seguinte:

- **A Policía local tivo constancia do sucedido.** Así consta no informe emitido na data 03/12/2022: *“Que siendo las 04:47 horas, se recibió llamada telefónica, en la cual se nos comunicaba de la existencia de contenedores ardiendo, en la calle da Barreira, a la altura de los inmuebles nº 23 y nº 24 de la misma calle. Que los agentes actuantes se desplazaron de inmediato hasta el lugar indicado por el alertante, y una vez en el lugar se puede observar como tres contenedores están ardiendo de manera voraz, así como emitiendo una gran cantidad de humo denso y tóxico de color negro (...) Que debido a las llamas producidas por la quema de los contenedores, se localizaron diversos desperfectos en los inmuebles próximos a los mismos, siendo los más afectados la nº 23 y nº 24 (...)”.*
- No informe emitido na data 15/03/2024 como consecuencia da instrución deste expediente, a Policía Local afirma que **descoñecen os motivos polos que se orixino o incendio.**

Pois ben, ante a evidencia de que foi un incendio nos colectores do lixo o feito que da orixe ós danos acontecidos, **apréciase no caso que nos ocupa, a concorrencia dunha circunstancia que racha todo eventual nexo de causalidade que puidera existir entre o servizo público e o dano sufrido**, por canto nunha representación racional dos motivos que orixinaron o incendio nos colectores do lixo aparece como elemento necesario, en todo caso, a concorrencia dun feito, **a acción dun terceiro**, que creba aquel vínculo causal, en tanto que, aínda sendo o incendio nos colectores o motivo do dano, e estando adscritos os devanditos elementos de recollida do lixo á prestación dun servizo público municipal, non é apreciable a existencia de responsabilidade da Administración. A tal conclusión debe chegarse por canto **a causa que orixina o incendio non ten orixe interna na propia prestación do servizo público, senón que é externa a este, porque externo e alleo á prestación do servizo é o feito de que un terceiro indeterminado, ben intencionada (acto vandálico) ou ben imprudentemente, prendera lume ós colectores**, desbotada toda posibilidade dunha eventual combustión espontánea destes últimos por producirse o incendio en plena noite e no mes de decembro, non existindo unha exposición ós raios solares que, aínda que de xeito improbable, puidera orixinar un incendio.

A concorrencia desta circunstancia, acción dun terceiro, racha todo eventual nexo de causalidade entre a actividade da Administración e o dano producido, de xeito que non é



reprochable a un funcionamento do servizo público, nin normal nin anormal, o resultado lesivo que se produciu para a propiedade próxima ós colectores incendiados.

En consecuencia, **enténdese que non existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal de recollida do lixo e os danos ocasionados á vivenda do segundo andar do inmovible número 24 da Rúa Barreira.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 07/05/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a Rita Tarela García polos danos na vivenda do segundo andar do inmovible número 24 da Rúa Barreira, polos motivos e fundamentos antes expostos.

19.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. MANUEL JOSÉ PATIÑO ANTELO, POLOS DANOS EN INMOBLE DA SÚA PROPIEDAD OCASIONADOS POLAS LABORES DE ROZA DOS OPERARIOS MUNICIPAIS. TRÁMITE: PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. MANUEL JOSÉ PATIÑO ANTELO**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 29 de xuño de 2023, operarios municipais atopábanse na Rúa Cruceiro de Cruces da parroquia de Palmeira, do termo municipal de Ribeira, facendo labores de roza, cando, de súpeto, unhas pedras saíron despedidas das máquinas que estaban a utilizar na súa labor, batendo contra o cristal da porta da vivenda situada no número 24 da citada rúa.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 01/09/2023, co número 202319921, D. Manuel José Patiño Antelo, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados, consistentes na rotura do cristal da porta da súa vivenda, que cuantifica na contía total de 222,10 euros, segundo factura emitida na data 01/09/2023 co número 29 por “Carpintería de Aluminio RBSande”, e que achega mediante escrito rexistrado de entrada na data 23/02/2024 co número 4.517, como consecuencia da solicitude de emenda de defectos realizada por esta Administración.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Parte de servizo nº 7343 realizado pola Policía local na data do sinistro.
- Informe realizado pola Policía local na data 07/03/2024 na instrución do expediente.
- Informe emitido na data 27/03/2024 polo capataz de xardíns do Concello de Ribeira.



Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os



FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 13/05/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/05/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/05/2024 10:01:16



cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **o/a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Así mesmo, **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ter asumido o custe de reparación dos danos da vivenda como titular da mesma, tal e como consta na documentación que achega.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos na vivenda do reclamante. Así se deduce da factura de reparación dos danos que achega.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local emite o seguinte informe na data 07/03/2024:** “ (...) *La Policía interviniente y tras las pertinentes averiguaciones, informa lo siguiente:*
 - *Que la agente se ratifica en el parte de servicio con número 7343 en donde somos informados por parte de la Sala operativa de la incidencia y estando in situ observan los daños en el cristal de la puerta de la vivienda antes citada, siendo causante un trabajador del departamento do jardines mientras realizaba funciones adscritas a su puesto de trabajo.*
 - *Que el suceso se produce al estar el servicio de “Jardines” del Concello de Ribeira realizando un trabajo en la zona de Palmeira, cuando una de las piedras que están en el suelo sale despedida contra el cristal de la puerta reseñada.*



➤ *Que in situ se identifica al trabajador que produce el siniestro el cual reconoce estar realizando sus funciones cuando una piedra se deslaza por la fuerza que produce una de las máquinas que estaba manipulando."*

- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 27/03/2024 deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos.**

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no inmovible sito no número 24 da Rúa Cruceiro de Cruces, da parroquia de Palmeira, e o funcionamento do servizo municipal de xardinería. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 07/05/2024, e visto o informe do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data, 07/05/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. MANUEL JOSÉ PATIÑO ANTELO, polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 222,10 euros, que se abonará da forma seguinte: o Concello de Ribeira abonará a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 72,10 euros.

20.- SOLICITUDE INSTALACIÓN MESA E PANEIS INFORMATIVOS – José Antonio Pérez Martínez

Visto o escrito presentado por **José Antonio Pérez Martínez**, de data 30/04/2024 (Registro de entrada nº 10.713) no que solicita autorización para a instalación dunha mesa e paneis informativos, desde o primeiro día que poda ser autorizado ata o 27/05/2024, na intersección da Rúa Cardenal Cisneros coa Avenida do Malecón, así como na beirarrúa á entrada do centro de Saúde (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Denegar a solicitude de autorización de instalación dunha mesa e paneis informativos, desde o día 10/05/2024 ata o 27/05/2024, na intersección da Rúa Cardenal Cisneros coa Avenida do Malecón, así como na beirarrúa á entrada do centro de Saúde (Ribeira), por mor a que obstaculiza o tránsito peonil e rodado.
- Poderá poñerse en contacto co Concelleiro Delegado de Turismo, Fetexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, para que lle informe de carquera cuestión relacionada co asunto de referencia.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



21.- REESTRUTURACIÓN DO TRÁFICO EN LUGAR DE OUTEIRO (ARTES)

Visto o informe/proposta emitido pola Policía Local, de data 24/04/2024, relativo á reestruturación do tráfico en lugar de Outeiro (Artes), e no que sinala:

“Que la carretera por la que se accede a la Iglesia de Artes, vía de doble sentido de circulación, se encuentra frecuentemente con vehículos estacionados a uno de sus márgenes, lo que hace imposible el cruce simultáneo de vehículos.

Debido a ello, constantemente los usuarios de la vía tienen que estar efectuando la maniobra de marcha atrás, para facilitar el paso, creando un peligro a los demás usuarios de la vía ya que los vehículos que realizan dicha maniobra tienen que hacerlo hasta una curva sin visibilidad o bien salir a la DP 7304, con el consecuente peligro que conlleva.

El artículo 80 del R.D. 1428/2003, de 21 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Circulación dice:

- 1. Se prohíbe circular hacia atrás, salvo en los casos en que no sea posible marchar hacia adelante ni cambiar de dirección o sentido de la marcha, y en las maniobras complementarias de otra que la exija, y siempre con el recorrido mínimo indispensable para efectuarla.*

Es parecer del agente actuante que sería conveniente señalar dicha calle con la señal R-308 de prohibido estacionar.

Reseñar que para una mayor reestructuración del tráfico se podría delimitar las plazas de estacionamiento en las inmediaciones de la iglesia.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a proposta presentada pola Policía Local e que se proceda á sinalización de dita rúa coa sinal R-308 de prohibido estacionar, así como á delimitación das prazas de estacionamento nas inmediacións da igrexa.

22.- INSTALACIÓN ESPELLO DE TRÁFICO EN RÚA CANARIAS

Visto o informe/proposta emitido pola Policía Local, de data 05/05/2024, relativo á necesidade de instalación dun espello de tráfico no cruce da Rúa Canarias coa Rúa Cordieiro, para a mellora da seguridade vial por visibilidade reducida.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a instalación dun espello de tráfico no cruce da Rúa Canarias coa Rúa Cordieiro, para a mellora da seguridade vial por visibilidade reducida, segundo o contido do citado informe.

23.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO DA PRAZA DE ESPAÑA PARA EVENTO MUSICAL – Asociación Musical Maid

